

PRÁCTICAS EN EMPRESA EXTRACURRICULARES **2019-2020**

RESOLUCIÓN DO COORDINADOR DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS, POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES EN EMPRESAS PROPICIADAS POLO ALUMNADO DO MÁSTER

O Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010 de 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

O Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, será de aplicación para prácticas curriculares e extracurriculares, e establece que: ***“Son extracurriculares as prácticas que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que non forman parte do plano de estudos. Non obstante deberán figurar no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET) sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos, conforme determine a normativa vixente”.***

- As prácticas externas extracurriculares terán unha duración **non superior a 12 créditos ECTS, que equivalen a 300 horas**, considerando unha equivalencia de 25 horas por crédito, e deben realizarse antes de facer o depósito do título.
- A realización destas prácticas é **incompatible coa realización simultánea da materia Prácticas en Empresa de calquera das especialidades (P3421209 e P3421214)**
- A Empresa nomeará un titor ou titora externo/a, que emitirá un informe final sobre o traballo desenvolvido polo estudante, e a Facultade un titor/a académico que emitirá a cualificación final. Das prácticas extracurriculares quedará constancia no expediente do alumno, e serán **cualificadas con “Apto” ou “Non Apto”.**

1.- REQUISITOS

a) .- A realización das prácticas extracurriculares esixirá o **asinamento dun convenio de cooperación educativa entre a USC e a entidade correspondente**, despois de ser admitido o/a estudante pola Facultade para a realización das prácticas.

En ningún caso poderán ser iniciadas as prácticas extracurriculares antes que o convenio entre a empresa ou institución e a USC sexa asinado, e o estudante formalice a súa matrícula.

b) .- Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van a realizar as prácticas.

c) .- Quedan excluídas as entidades colaboradoras que estean participadas en máis dun 10% ou dirixidas ou administradas polos estudantes solicitantes ou polos seus parentes ata o cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade. Para estes efectos, o estudante formalizará a oportuna declaración xurada. No caso de falsidade procederáse, previa audiencia do estudante, á anulación automática das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.

d) **.-O/A estudante deberá propoñer a empresa ou entidade onde desexa facer as prácticas extracurriculares,** e deberá presentar debidamente cumprimentados os seguintes documentos:

- **Solicitud de realización de prácticas extracurriculares** (Anexo I)
- **Duración das Prácticas extracurriculares.** (Anexo II)
- **Proxecto Formativo das Prácticas extracurriculares.** (Anexo III)
- **Declaración xurada** de non ter relación coa empresa ou institución (Anexo IV)
- **Datos necesarios para a sinatura do convenio** (Anexo V)

e) .- O/a estudante deberá ter rematado as prácticas obrigatorias externas (prácticas curriculares) do Máster no momento de iniciar o período de prácticas extracurriculares.

f).- As prácticas extracurriculares rematarán obrigatoriamente antes da defensa do TFM e, en todo caso, no poderán ir mais alá do **31 de agosto**

2.- DEBERES DOS ESTUDANTES

- a) Formalizar a matrícula antes do comezo das prácticas na UX.A.SUR.
- b) Comunicar ao titor académico a data exacta do comezo das prácticas.
- c) Desenvolver o proxecto formativo.
- d) Elaborar unha memoria final, que deberá entregar ao titor académico, e deberá presentar no prazo máximo de 15 días naturais dende a finalización das prácticas.

3.- SEGURO ESCOLAR

A realización de prácticas externas extracurriculares estará cuberta polo Seguro Escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo dos estudantes un seguro de accidentes.

4.- PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- Os impresos estarán a disposición do alumnado na páxina web, e na Secretaría do Decanato da Facultade de Relacións Laborais.
- O prazo para solicitar as prácticas extracurriculares da Facultade de Relacións Laborais, estará aberto **durante todo o curso**, e presentarse a solicitude no Rexistro do Decanato da Facultade.
- Non obstante, a realización das prácticas extracurriculares so poderá ser autorizada unha vez conclúa o procedemento de avaliación das prácticas obrigatorias externas (prácticas curriculares) do Máster

5.- RESOLUCIÓN

O Coordinador do Máster, resolverá as solicitudes presentadas no prazo dun mes, contados a partir do día seguinte da presentación da solicitude. A resposta estimada ou desestimada comunicarse ao alumnado por correo electrónico.

Santiago de Compostela, a 9 de marzo de 2020

O Coordinador do Máster

Ramón Arce Fernandez



**1.- SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS
EXTRACURRICULARES**
**Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-
Forense**

DATOS DO/A ESTUDANTE

APELIDOS:.....
NOME:.....
DNI:..... TELÉFONO:...../
CORREO ELECTRÓNICO:.....

SOLICITA

A admisión para a realización de prácticas en empresa EXTRACURRICULARES na entidade:

DATOS DA EMPRESA / INSTITUCIÓN

NOME OU RAZÓN SOCIAL:.....
RÚA/PRAZA/Nº:.....
LOCALIDADE:..... PROVINCIA:.....
C.P.:.....
TELÉFONO:..... CORREO ELECTRÓNICO:.....
NIF:..... FAX:.....
TITOR DA EMPRESA/INSTITUCIÓN:.....

Santiago de Compostela, de de 20.....

Asdo.:

Nota.- O estudante que solicita realizar prácticas extracurriculares como continuación de prácticas curriculares, cumprimentará os apartados 1, 2 e 3.

2.- DURACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

(O ESTUDANTE REALIZARÁ UN MÁXIMO 300 HORAS EQUIVALENTES A RAZÓN DE 25 HORAS POR CRÉDITO)

A realización das prácticas será dende o día _____ ao día _____

Nº total de días:

Horario de prácticas será dende as _____ ata as _____

Nº total de horas:

Nº total de créditos (25 horas/1 ECTS):

3.- PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICASEXTRACURRICULARES

(Descrición do traballo que vai a realizar o estudante)

4.- DECLARACIÓN XURADA DO/A ESTUDANTE

Don/a:

DNI nº

DECLARA

Que a empresa/entidade:

na que solicita ser admitido/a para a realización de prácticas en empresa propiciadas polo alumnado do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, da facultade de Relacións Laborais da USC, no actual curso 201...../201..... non está participada en mais dun 10%, nin dirixida nin administrada por el/a, nin por persoa ou persoas coas que teña un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade ata o segundo grao.

Santiago de Compostela, de

de 20

Asdo:

(Esta declaración debe ser cuberta e asinada polo/a alumno/ que solicita a realización da práctica)

5.- DATOS NECESARIOS PARA A SINATURA DO CONVENIO

Os datos que a seguir se relacionan son os que, **por indicación da Asesoría Xurídica** da Universidade de Santiago de Compostela, se precisan para cubrir e posteriormente asinar o convenio de colaboración para a realización de prácticas en empresas polo alumnado:

DATOS DA EMPRESA/INSTITUCIÓN

NOME:.....

RÚA /PRAZA:.....

LOCALIDADE:.....

PROVINCIA:.....

C. P.:.....

CIF DA EMPRESA:.....

PERSOA DE CONTACTO:.....

DNI.....

TELÉFONO:.....

CORREO ELECTRÓNICO:.....

DATOS DA PERSOA QUE ASINARÁ O CONVENIO POR PARTE DA EMPRESA/INSTITUCIÓN COPIA OU DATOS

NOME E APELIDOS:.....

NIF:.....

INDICAR O PODER DE REPRESENTACIÓN:.....

CORREO ELECTRÓNICO:.....

COPIA OU DATOS DA REPRESENTACIÓN LEGAL DO ASINANTE DA EMPRESA OU ENTIDADE. (DEBERÁN FACERSE CONSTAR OS DATOS DA ESCRITURA, PODER NOTARIAL OU CALQUERA OUTRO DOCUMENTO QUE ACREDITE A SÚA REPRESENTATIVIDADE).

Nº DA ESCRITURA:.....

DATA:.....

OUTORGADA EN:.....

ANTE O/A NOTARIO/A D./D^a:.....